

Punto 5

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ORGANISMOS SUPRAMUNICIPAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, FUNDACIONES, EMPRESAS PÚBLICAS, SOCIEDADES MIXTAS E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.

Téndose constituída o pasado 1 de xullo a nova Corporación Municipal e sendo necesario proceder á designación dos representantes municipais nos diferentes órganos e polo que teño a ben propoñer as seguintes representacións:

1.- No Consello de Administración de Mercagalia, dous ao PPdeG E un ao PSdeG-PSOE.

2.- Na Fundación Refuxio de Animais, un representante por cada grupo municipal.

3.- No Consello Asesor de Condecoracións, tres ao PPdeG, un ao PSdeG-PSOE e un ao BNG.

4.- No Consello de Administración do Auditorio de Galicia, tres ao PPdeG, un ao PSdeG-PSOE e un ao BNG.

5.- Na Comisión Provincial de Saneamento, designar ao concelleiro delegado de Saneamento D. José Luis García Bello.

6.- Na Comisión de Escolarización, designar ao concelleiro delegado de Educación D. Ángel Benito Currás Fernández.

7.- Na Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico, designar á concelleira delegada de Casco Histórico, Dna María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.

8.- Na Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EMUVISSA), na Empresa Municipal de Transporte Urbano (TUSSA) e na Empresa Municipal de Información e Comunicación Local (INCOLSA), formarán parte como vogais dos seus respectivos Consellos de Administración en representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela tres concelleiros designados a proposta do Grupo Municipal Popular, un concelleiro a proposta do Grupo Municipal Socialista e un concelleiro a proposta do Grupo Municipal do BNG.

9.- O Alcalde formará parte, en representación do Excmo. Concello, da Xunta Xeral de UNINOVA e do seu consello de administración desta sociedade formarán parte ademais do Alcalde, dous concelleiros do PPdeG e un do BNG.

10.- Na Sociedade Mercantil Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L. (XADE) o Pleno elixirá a dous concelleiros a proposta do PPdeG e un a proposta do PSdeG-PSOE.

11.- Na Sociedade de Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, o Pleno estará representado pola concelleira delegada de Turismo.

12.- Na FUNDACIÓN GALEGA PARA O DEPORTE o representante será o concelleiro delegado de Deportes.

13.- Na FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTES o representante municipal será o concelleiro delegado de deporte en calidade de Vicepresidente.

14.- Nas FUNDACIÓNS EUGENIO GRANELL, MUSEO DO POBO GALEGO E TORRENTE BALLESTER formarán parte dos seus respectivos consellos directivos o concelleiro delegado de Cultura.

15.- Na FUNDACIÓN SÍNDROME DE DOWN a representante municipal será a concelleira delegada de Familia.

16.- No CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO formarán parte del o Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela e como vogais o Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e o Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

17.- Na Mancomunidade da Comarca de Compostela o segundo representante será o primeiro Tenente de Alcalde.

18.- No Consello da Capitalidade, Consello Económico e Social e Consellos Sectoriais a representación será a establecida nos respectivos regulamentos.

En Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2011

O Alcalde